NO INTERIOR DO ABANDONO

Carlos Lorenzo / Baldo Ramos



Recurso didáctico para ESO e Bacharelato

NO INTERIOR DO ABANDONO

No interior do abandono é unha iniciativa artística interdisciplinar creada polo poeta **Baldo Ramos** e o fotógrafo **Carlos Lorenzo** para reflexionar sobre o despoboamento do rural galego. A través dun libro e dunha exposición, os autores exploran a desmemoria e a erosión da identidade nas aldeas de Ourense. Esta obra busca xerar un diálogo esperanzado que recoñeza o valor humano e a necesidade de preservar os lugares que nos definen. En conxunto, o proxecto funciona como un berro de atención e unha homenaxe poética á Galicia baleirada e ás súas raíces.



Baldo Ramos (Celanova, 1971) e **Carlos Lorenzo** (Caracas, 1968) son dous creadores unidos polas súas raíces na terra de Celanova e por unha longa traxectoria de activismo e complicidade cultural. Ambos destacan pola súa capacidade para tender pontes creativas entre a palabra poética, a fotografía e a plástica.

Baldo Ramos é un prestixioso poeta e artista plástico. A súa inquedanza artística exprésase na lírica e na pintura caligráfica, unindo ambas disciplinas nun estilo moi persoal de tinta e pincel. Cunha recoñecida e extensa traxectoria poética recibiu galardóns de relevo como o Premio Concello de Carral ou o Premio Fiz Vergara Vilariño. Alén de expoñer os seus singulares libros de artista en numerosos museos e galerías, destaca o seu labor colaborativo con creadores como Caxigueiro ou Xosé María Álvarez Cáccamo, onde amosa o seu talento para facer dialogar as artes visuais coa palabra escrita.

Pola súa banda, Carlos Lorenzo desenvolve a súa faceta creativa como fotógrafo, creador audiovisual e xestor cultural. Para Lorenzo, a fotografía é unha canle de expresión artística e deseño que convive intimamente coa poesía, visible nas súas coautorías con Olga Patiño en *Territorio Acoutado* (2017) ou co propio Ramos. No ámbito audiovisual, dirixiu e guionizou a longametraxe documental *Vértice de versos* (2018), onde repasa a lírica galega recente contando con Baldo Ramos como un dos poetas protagonistas. Ademais, realiza un valioso traballo de recuperación da memoria local en obras como *Fotos para as mil historias de Carral* ou *Celanova ten unha foto*.

Como creadores complementarios, o seu primeiro proxecto conxunto foi *A Ramallosa. Caligrafías de luz* (2011).

CONTEXTUALIZANDO O ABANDONO DO RURAL

Antes da visita á exposición, resultará de interese a lectura deste texto para o seu debate na aula.

Un país que se baleira: Que está a pasar hoxe?

Cando percorremos Galicia, a miúdo atopamos aldeas silenciosas, casas de pedra coas portas trancadas polo tempo e hortas onde as silvas ocuparon o lugar que antes tiñan o millo ou as patacas. O noso rural está a sufrir un proceso acelerado de **despoboamento e envellecemento** demográfico. As persoas máis novas marchan na procura de oportunidades laborais e as xeracións vellas van deixándonos, o que sitúa a moitos destes lugares nun camiño que parece guialos á súa desaparición irremediable.

Hoxe en día, moitas destas aldeas só recuperan un certo pulso vital durante os meses de verán, cando as familias que emigraron regresan temporalmente para reconectar coas súas raíces. Porén, fóra desa época estival, a realidade cotiá fálanos dun baleiro demográfico onde a natureza avanza sen freo, demostrando que, tarde ou cedo, se non se remedia, "a casa será bosque".

A balanza descompensada: O crecemento das cidades e o baleiro do campo

O abandono do rural non é un feito illado nin casual; está intimamente ligado ao **crecemento das nosas cidades** e a un modelo económico que prioriza a concentración urbana. Historicamente, existiu unha dialéctica complexa entre o campo e a urbe. A cidade sempre se nutriu do campo: non só para obter alimentos e recursos básicos, senón tamén para conseguir persoas, a forza de traballo que fixo posible a expansión urbana.

Este trasvase tivo o seu momento máis crítico no chamado **"éxodo rural"**, acentuado a partir dos anos 60. O desenvolvemento industrial das cidades españolas e europeas precisaba de abundante man de obra barata e disciplinada. Ese fluxo de persoas que marchaban do rural galego resultou, en termos estruturais, providencial e indispensable para que as cidades puidesen medrar e modernizarse. O crecemento do asfalto alimentouse, literalmente, do baleirado progresivo das nosas aldeas.

Desertar do arado: unha mirada sen idealizacións

Para aquelas persoas que miran unha foto antiga ou unha ruína cunha visión nostálxica ou idílica, é fundamental que entendan que a decisión de marchar da terra estivo motivada pola **necesidade e a procura dunha vida digna**.

A agricultura e gandería tradicionais practicábanse sobre un territorio historicamente dividido en parcelas diminutas (o minifundismo), un factor que daba moito traballo, ofrecía escaso rendemento e dificultaba calquera posibilidade de mecanización. As familias labregas vivían en condicións de

extrema dureza e illamento, sen acceso aos adiantos técnicos nin aos servizos que si chegaban ás capitais.

Para moitas destas persoas, "desertar do arado" e escapar cara á cidade —aínda que fose para someterse a novas formas de explotación como asalariadas— representaba unha posibilidade real de progreso e unha vía de liberación fronte á condena de estar atadas a unha terra que non daba máis ca suor.

Que significa o mundo rural para Galicia? Identidade e procomún

Mudar o foco do rural cara ao urbano tivo un custo moi alto no noso patrimonio colectivo. O mundo rural non é simplemente un sector económico en declive; é o **alicerce da nosa identidade**. Galicia é un pobo que se define a través dos seus lugares e das súas parroquias. No rural reside:

- **Un acervo cultural único:** Unha sabedoría ancestral baseada na observación atenta da natureza, o coñecemento dos ciclos estacionais, o respecto polos recursos comúns e a transmisión oral da nosa lingua, que tivo no agro a súa principal canle de preservación.
- **Un patrimonio ecolóxico esencial:** A gandería extensiva e o mantemento dos montes comunais non só producen alimentos de proximidade de alta calidade, senón que limpan o monte, previndo os devastadores incendios forestais e protexendo a biodiversidade.
- **Un tesouro de afectos:** Cada casa baleira garda unha memoria íntima —obxectos cotiáns, ferramentas, historias de superación e de emigración (como as viaxes de ida e volta a Newark ou a Suíza) que constitúen o ADN emocional da sociedade galega actual.

O futuro será rural ou non será: Cara a un porvir verde

Fronte a un modelo de vida urbana que moitas persoas expertas consideran insustentable polos seus altos custos ecolóxicos, o estrés e a contaminación, xorde unha alternativa clara. Como sinala a nosa propia historia, o porvir soamente pode debuxarse de dúas cores: **ou o negro do colapso ou o verde da sustentabilidade**.

A revitalización do rural galego non pasa por converter as aldeas en parques temáticos para as fins de semana, senón por humanizar a economía e dignificar o territorio. Isto esixe mellorar os servizos básicos (como a sanidade, o transporte, as estradas secundarias ou o acceso a internet de alta velocidade), fomentar pequenas explotacións familiares e cooperativas de proximidade fronte ás macrogranxas industriais, e apoiar a aquelas persoas que deciden emprender un camiño de retorno á terra.

Porque a "Galicia baleira" en realidade non está baleira: está chea de olores, historias, sabedoría e futuro habitable; só lle falta que confiemos nela e que facilitemos que as persoas poidan volver habitala.

ACTIVIDADES

ANTES DE VISITAR A EXPOSICIÓN

1. Clasifica as seguintes palabras conectándoas, segundo corresponda, cos ámbitos rural ou urbano.

Aldea	Beirarrúa	Corte	Ascensor
Eira			Praza
Viñedo	**RURAL**		Autovía
Leira			Hórreo
Metro			Bosque
Feira	**URBANO**		Polígono industrial
Rotonda			Fonte
Oficina	Tractor	Granxa	Horta

2. Canto sabes do rural? Marca as respostas correctas.

- ☐ menor densidade de poboación
- ☐ maior presenza de espazos naturais
- ☐ concentración de edificios altos
- ☐ actividades relacionadas coa agricultura
- ☐ patrimonio etnográfico
- ☐ intenso tráfico urbano
- ☐ forte relación coa paisaxe
- ☐ grandes áreas comerciais
- ☐ ocupa a maior parte do territorio
- ☐ diversidade de servizos públicos

3. Cal é a túa relación co rural?. Responde brevemente ás seguinte preguntas:

- Tes algún lugar do rural importante para ti?

- Que recordas dese lugar?

- Que sons hai?

- Que cheiros?

- Que estación do ano identificas con ese lugar?

- Se desaparecese, que botarías de menos?

DURANTE A VISITA Á EXPOSICIÓN

4. **Percorrendo individualmente a sala cun caderno, selecciona unha fotografía e escolle unha das seguintes tres opcións:**

   Opción A: Escribe unha carta desde o interior da casa fotografada.

   Opción B: Escribe un poema breve (non máis de dez versos)

   Opción C: Escribe unha pequena narración (máximo 150 palabras**)**

   Ao final: que título lle poñerías ao teu texto?

5. **Escolle a fotografía que máis che chamou a atención**
   - Explica por que
   - Fai unha descrición concisa da imaxe
   - Le agora o poema asociado. Que descubriches que non viras antes?

6. **Agora escolle un compañeiro ou compañeira para percorrer de novo a exposición cos vosos cadernos buscando elementos recorrentes que falan do abandono e da resistencia da natureza, anotando en que obras aparecen:**
   - **Silvas e vexetación** que entran polas fiestras ("un día a casa será bosque").
   - **Arañeiras e fíos** que tecen o esquenzo.
   - **Animais** que habitan o baleiro (pardaos que aniñan na cama dos avós, raposos, cobras).
   - **Presenzas humanas latentes** (un gabán vello pendurado, un interruptor que non se volverá prender, un xerro baixo un banco).

DESPOIS DA VISITA Á EXPOSICIÓN

7. **Despois de coñecer *No interior do abandono*, completa:**
    - Antes pensaba que

    - Agora penso que

    - O que máis me sorprendeu foi

    - A fotografía que máis recordarei é

    porque

8. **Explica como cres que foi o proceso que mantiveron o poeta e o fotógrafo para crear *No interior do abandono*.**

9. **Escolle dous tipos de artistas de disciplinas diferentes (música, cine, escultura, pintura, danza, teatro, arte gráfica urbana...) e explica brevemente como cres que poderían facer un proxecto artístico común.**

10. **Le atentamente estas oito afirmacións e marca só cinco que describan consecuencias reais do abandono do rural galego e logo explica brevemente o motivo polo que escolliches esas cinco.**

- ☐ desaparición de oficios tradicionais
- ☐ aumento da biodiversidade agrícola cultivada
- ☐ perda de patrimonio arquitectónico
- ☐ incremento do risco de incendios en determinadas zonas
- ☐ desaparición de escolas por falta de alumnado
- ☐ aumento da poboación infantil
- ☐ deterioración de camiños e leiras
- ☐ desaparición de topónimos e memoria oral

11. **Xunto co compañeiro ou compañeira que realizaches o exercicio na sala de exposicións, escribide un eslógan ou frase publicitaria impactante (máximo 15 palabras) dirixido á mocidade. A vosa proposta debe transmitir unha visión atractiva do rural e poñer en valor as posibilidades, a beleza e a calidade de vida que pode ofrecer.**

12. **Busca na túa casa un obxecto, fotografía ou outro elemento relacionado co mundo rural que estea vencellado á historia da túa familia. Pregunta a unha persoa da túa familia pola súa procedencia, pola súa antigüidade e polos usos que tivo.**

    Despois, escribe un texto breve, de entre 40 e 80 palabras, no que expliques:

    - que é ou que representa
    - de onde procede
    - para que se utilizaba
    - que relación ten contigo ou coa túa familia

Como actividade complementaria, escanea este QR para acceder ao vídeo de NO INTERIOR DO ABANDONO